

Resolución da alcaldía

Asunto: Creación e designación dos membros da mesa de contratación permanente corporación municipal 2023-2027.

Expediente Gext Doc: 8531/2023

A vista da providencia de alcaldía de data 20 de xuño de 2023, na que se establece a necesidade de constitución e nomeamento dunha mesa permanente de contratación que realice as funcións de asistencia ós órganos de contratación do concello así como o informe emitido pola técnico de secretaría da mesma data na que se recolle a lexislación aplicable, o procedemento a seguir así como unha proposta de resolución para ter en conta polo órgano competente ao redactar a resolución.

No informe xurídico realizado pola técnico de secretaría se advirte que poderán ser membros da mesa de contratación permanente persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.

O departamento de secretaria e de contratación do concello conta, agora mesmo, con postos de traballo que están a ser ocupados por funcionarios interinos e non por persoal funcionario de carreira. Paralelamente se está levando a cabo un proceso de estabilización das prazas que veñen sendo ocupadas interinamente no concello, todo elo como consecuencia da entrada en vigor da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público polo que, previsiblemente en poucos meses, os postos ocupados en interinidade serán cubertos por funcionarios de carreira.

Sendo necesario para o bo funcionamento do concello acudir ao nomeamento destes interinos para ser designados membros da mesa de contratación permanente do concello de Ames ao non contar de forma transitoria e ata que finalicen os procesos selectivos de estabilización, con funcionarios de carreira suficientes para o seu nomeamento como membros de dita mesa de contratación.

Realizada pois a tramitación legalmente establecida, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Crear una Mesa de Contratación Permanente como órgano de asistencia ao órgano de contratación correspondente ao mandato corporativo 2023-2027 e designar aos membros da mesma:

Presidente da da mesa

O alcalde do concello: José Blas García Piñeiro

1º suplente: Primeira tenente de alcalde, Susana Señorís Rodríguez

2º suplente: Segundo tenente de alcalde, Víctor Fernández Prieto

3º suplente: Terceira tenente de alcalde, Ana Paz García

Vocais da mesa

- A titular da secretaría municipal, Rosa Ana Prada Queipo, que actuará como vocal ou funcionario de carreira que actúe como secretario/a accidental.

- A titular da intervención municipal, Margarita Fernández Sobrino, que actuará como vocal ou funcionario de carreira que actúe como interventor/a accidental.

- A técnico de secretaría, María Ofir Aboy García, funcionaria interina, que actuará como vocal ou calquera outro funcionario da corporación, preferentemente funcionario de carreira.

Secretario/a da mesa

O técnico de EDUSI, Emilio Garrido Moreira, funcionario interino por programa.

1º suplente: M.^a Isabel Quintáns Ríos, funcionaria interina do servizo de contratación

2º suplente: José Cabo Nodar, funcionario interino do servizo de secretaria

SEGUNDO. Comunicar aos membros designados o seu nomeamento como membros da Mesa de Contratación Permanente.

TERCEIRO. Publicar dita Resolución no perfil de contratante do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

En Ames a data da sinatura dixital

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo